



# **FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO**

**SECCIÓN DE PRECISIÓN**

**NORMAS PARA O ANO 2025**

# ESPECIALIDADES DEPORTIVAS RECOÑECIDAS E TUTELADAS POR FEGATO

As especialidades deportivas recoñecidas e tuteladas por esta Federación son as seguintes:

PRECISIÓN	
<p><b>Olímpicas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pistola Aire</li> <li>• Carabina Aire</li> <li>• Equipos Mixtos.- Parellas Mixtas</li> <li>• Pistola Deportiva Donas</li> <li>• Pistola Velocidade</li> <li>• Carabina Tres Posicións</li> </ul>	<p><b>Deportivas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Pistola Estándar</li> <li>• Pistola Fogo Central</li> <li>• Pistola 9 mm</li> <li>• Pistola Aire Estándar</li> <li>• Pistola Aire Velocidade</li> <li>• Carabina Tendido</li> <li>• Fusil Tendido 300 m *</li> <li>• Fusil Tres Posicións 300 m</li> <li>• Pistola Libre</li> <li>• Modalidades para Xóvenes Promesas</li> </ul>

ARMAS HISTÓRICAS			
<p><b>Avancarga:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Miguelete *</li> <li>• Maximilian *</li> <li>• Minie *</li> <li>• Whitworth</li> <li>• Cominazzo *</li> <li>• Kuchenreuter</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colt *</li> <li>• Mariette</li> <li>• Walkyria *</li> <li>• Tanegashima *</li> <li>• Vetterli</li> <li>• Hizadai *</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tanzutsu *</li> <li>• Donald Malson</li> <li>• Pennsylvania *</li> <li>• Lamarmora *</li> <li>• Manton *</li> <li>• Lorenzoni *</li> </ul>	<p><b>Cartuchería Metálica:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Piñal</li> <li>• Núñez de Castro</li> <li>• Freire e Brull</li> <li>• Pólvora Nitro Martín Cerezo</li> </ul>

FCLASS	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• FClass Rimfire 50 metros</li> <li>• FClass Rimfire 100 metros</li> <li>• FClass Rimfire Combinada 50-100 metros</li> <li>• FClass Rimfire 200 metros</li> <li>• FClass 300 metros</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FClass 600 yardas</li> <li>• FClass 1000 yardas</li> <li>• FClass PRS *</li> <li>• FClass 22 ELR 300 metros*</li> <li>• Xtreme Long-Range *</li> </ul>

## ALTA PRECISION

- Carabina BR-50
- Carabina BR-50 Aire \*

Para as modalidades marcadas con asterisco non se celebrarán campionatos autonómicos, debido a baixa participación ou a falta das instalacións necesarias.

Nas Modalidades da MLAIC e Cartuchería Metálica:

- As armas, tanto orixinais como réplicas, agrupáranse nunha soa categoría.
- En Cartuchería Metálica Pistolas e Revólveres tiraran na mesma categoría.
- En Núñez de Castro só se disputará a Modalidade de Fusil Libre.

## NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS, FINAIS E NACIONAIS

Segundo o artigo 19 da Lei 3/2012, de data 2 de abril, do deporte de Galicia só serán competicións oficiais as que figuran como tales no calendario da Federación Galega de Tiro Olímpico.

As competicións oficiais da Federación Galega de Tiro Olímpico (FEGATO) publicaranse nun calendario oficial, e rexeranse polas súas propias normas de organización e técnicas, tendo como supletorias o estipulado nos regulamentos da ISSF, MLAIC, IPSC e ICFRA, así como os xerais e específicos da Real Federación Española de Tiro Olímpico. A FEGATO, como organizadora das Competicións no ámbito Autonómico, poderá introducir as modificacións ou adaptacións que considere oportunas e necesarias para o mellor desenvolvemento das mesmas.

En calquera situación non prevista nestas normas será o Comité designado en cada competición o que decida e resolva sobre o particular e, en última instancia, o Comité de Apelación da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Nas competicións do Calendario Nacional que non estén organizadas directamente por la RFEDETO, será responsabilidade do Club organizador o cumprimento do establecido nos Reglamentos Técnicos declinando a FEGATO calquera responsabilidade o respecto.

Para participar nos campionatos autonómicos e nacionais haberán de observarse as seguintes normas:

### 1. TIRADORES

Os tiradores interesados en participar nas competicións programadas pola Federación Galega de Tiro Olímpico deben cumprir o seguinte:

- Deben ter a licenza federativa en vigor, que deberán xestionar a través do club asociado.
- Para participar en competición de modalidades nas que se empreguen armas de fogo deben estar, obrigatoriamente, en posesión da licenza de armas correspondente.

- Debe recoñecer e acatar todas as normas e regulamentos en vigor.

### 1.1. PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS EXTRANXEIROS:

A participación de deportistas extranxeiros nas Competicións Oficiais rexirase, ademáis do establecido no Regulamento de Réximen Interior, por os seguintes apartados:

- **Deportistas Residentes en España:**

A súa participación queda condicionada ós mesmos requisitos exigidos ós tiradores galegos: marcas mínimas, Licenza Federativa do ano do curso, etc.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campións, subcampións ou terceiro, si bien aparecerán na acta de resultados no posto que houberan obtido.

Nas modalidades olímpicas, no poderán participar en Finais Olímpica.

- **Deportistas Non Residentes en España**

- ❖ **Comunitarios:** Poderán participar en competicións oficiais, tanto a título individual como formando parte de equipos de clubs en aqueles casos que a lexislación particular o permita, sempre que demostren a súa afiliación a Entidad Deportiva que desexen representar e estean en posesión da licenza federativa.

Nas clasificacións individuais non poderán proclamarse campión, subcampión o terceiro, nin participar en final olímpica, se ben aparecerán na acta de resultados no posto que houberan obtido.

Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario obter autorización das autoridades españolas para a entrada e saída das armas.

- ❖ **Non Comunitarios:** Non poderán participar en competicións oficiais de ámbito estatal. Exclusivamente e dentro de acordos puntuais, poderase permitir a participación de extranxeiros non comunitarios e non residentes fora de concurso e previa invitación da FEGATO, téndose en conta en cada momento o principio de reciprocidade internacional. En ningún caso poderán participar na final olímpica. Deberán estar en posesión da Tarxeta Europea de Armas o en caso contrario, obter permiso das autoridades españolas para a entrada e saída das súas armas.

### 1.2. CLASES DE TIRADOR

As clases dos tiradores son as seguintes:

- Nas modalidades de aire comprimido para os Xóvenes Promesas:

- ❖ Alevíns Masculinos: tiradores masculinos ata os 12 anos
- ❖ Alevíns Femininos: tiradores femininos ata os 12 anos
- ❖ Infantís Masculinos: tiradores masculinos entre os 13 e 14 anos
- ❖ Infantís Femininos: tiradores femininos entre os 13 e 14 anos
- ❖ Cadetes Masculinos: tiradores masculinos entre os 15 e 16 anos
- ❖ Cadetes Femininos: tiradores femininos entre os 15 e 16 anos
- ❖ Xuveniles Masculinos: tiradores masculinos entre os 17 e 18 anos
- ❖ Xuveniles Femininos: tiradores femininos entre os 17 e 18 anos
- ❖ Sub23 Masculinos: tiradores masculinos entre os 19 e os 22 anos
- ❖ Sub23 Femininos: tiradores femininos entre os 19 e os 22 anos

- Nas outras modalidades de precisión:
  - ❖ Juniors Masculinos: tiradores masculinos entre os 19 e os 21 anos
  - ❖ Juniors Femininos: tiradores femininos entre os 19 e os 21 anos
  - ❖ Seniors: tiradores masculinos entre os 22 e os 54 anos
  - ❖ Donas: tiradores femininos entre os 22 e os 54 anos
  - ❖ Veteranos: tiradores masculinos entre os 55 e 63 anos
  - ❖ Veteranas: tiradores femininos entre os 55 e 63 anos
  - ❖ Veteranos Senior: tiradores masculinos entre os 64 e 71 anos
  - ❖ Veteranas Senior: tiradores femininos entre os 64 e 71 anos
  - ❖ Veteranos Master: tiradores masculinos a partir dos 72 anos
  - ❖ Veteranas Master: tiradores femininos a partir dos 72 anos

Para calcular a clase tense en conta o ano en que se cumpren os anos, tendo un tirador a mesma clase todo o ano.

### **Cambio de clase**

Todos os tiradores cambiarán automáticamente de clase no mesmo ano no que cumpran a idade mínima fixada.

Os tiradores que desexen participar en clases de idade superior a que posúen, excepto na de veteranos, deben comunicalo á FEGATO antes de participaren en calquera competición que esta organice e renunciar á que posúe non podendo participar, durante o ano, noutra distinta á que elixiu. Queda excluída desta norma a participación dos Xóvenes Promesas como juniors nas competicións de pistola e carabina aire (precisión).

Os tiradores xuveniles que teñan licenza de armas poderán participar en competición de fogo, como junior, debido a que nas modalidades de fogo non hai categoría xuvenil.

Os tiradores que pasen á clase veteranos, teñen a posibilidade de renunciar a dita clase mediante solicitude por escrito á FEGATO, que debe presentar antes do día 30 de Novembro do ano en curso; o incumprimento deste requisito en tempo e forma invalidará a pretensión do tirador, non podendo ser inscrito na categoría senior. Unha vez efectuada a renuncia á clase de veterano manteráse a de senior durante toda a temporada.

## **2. CLUBS**

Os clubs federados deben coñecer e acatar as normas e regulamentos vixentes para as distintas modalidades deportivas.

Aqueles clubs que teñan instalacións, obrigatoriamente terán contratado un seguro con cobertura de responsabilidade civil e danos a terceiros.

Os clubs xestionarán os certificados, as inscricións, e, en xeral, todos os trámites dos seus asociados coa FEGATO. No que á xestión das licenzas federativas dos seus asociados se refire, poderán optar entre:

- tramitar as licenzas, nese caso tramitaríanas todas, recibindo 3 € por cada licenza de pago xestionada antes do 1 de novembro

- non tramitar as licenzas, de forma que todos os tiradores terían que xestionar individualmente a súa licenza desde a páxina web da Federación. Neste caso non se abonaría nada ao club pola xestión de licenzas.

As solicitudes de modificacións nas licenzas federativas, deben entrar na Federación Galega de Tiro Olímpico, antes do día 30 de novembro do ano anterior ó que se solicita a modificación, ou non serán admitidas. A solicitude de cambio de club ten que ter a aceptación do club para o que solicita o cambio. Deberase presentar escrito en orixinal ou envialo por correo electrónico, debidamente asinado polo interesado e polo club para o que solicita o cambio.

### 3. PROBAS DE OBTENCIÓN DE LICENZA DE ARMAS DE CONCURSO TIPO “F”

Os tiradores federados interesados en presentarse a proba para a obtención da “Licenza de Armas de Concurso Tipo “F” deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos os 18 anos
- Estar en posesión da Licenza Federativa do ano en curso
- Levar federado un mínimo de 1 mes
- Facer un curso de preparación para a práctica do tiro deportivo con armas de fogo, nun club que dispoña das instalacións regulamentadas para realizar os adestramentos necesarios

As persoas que xa tiveron licenza de armas tipo “F”, “A” ou “C” no terán que cumprir os dous últimos requisitos, sempre que presenten o último permiso de armas.

As persoas con licenza tipo “F” en vigor non poderán realizar o exame; deberán solicitar, perante a súa Intervención de Armas, a renuncia do permiso e unha vez obtida xa poderán examinarse.

A inscrición neste tipo de probas deberá facela o tirador no seu club, que a remitirá a FEGATO, a través da aplicación correspondente ou por email (licencias@fegato.es) no caso de non ser posible o uso da aplicación. A inscrición debe ir acompañada do certificado de aptitude para a práctica do tiro deportivo con armas de fogo, e do xustificante de abono das taxas cando corresponda abonalas.

O prazo de inscrición na FEGATO finaliza o mércores da semana anterior á data fixada para o exame, establecéndose como hora de peche as 23,00 horas.

#### **Curso de preparación para as probas de obtención de licenza F**

Os cursos de preparación para as probas de obtención de licenza F debe impartilos un entrenador de precisión, que dispoña da correspondente licenza federativa en vigor.

Os clubs que den estes cursos deberán remitir á FEGATO, ó inicio de cada curso, unha comunicación do inicio, onde se indique quen é o entrenador, e introducir na aplicación da FEGATO a lista de asistentes ó mesmo. Este asistentes deberán estar en posesión da licenza federativa antes de incorporarse ó curso, e por conseguinte dados de alta na Mutualidad Xeral Deportiva ou entidade aseguradora, antes de iniciar os adestramentos e prácticas.

Os curso contrará de dúas fases fases:

- **Fase teórica:** Impartiranse catro sesións de 50 minutos cada unha delas. Algunhas das materias sobre teoría do tiro poden ser impartidas directamente na mesma galería durante o desenvolvemento da fase práctica, diminuindo así o número de sesións teóricas a impartir na aula. Trataranse os seguintes temas:
  1. Aspectos do tiro deportivo.
  2. Seguridade e comportamento no manexo das armas.
    - Durante o transporte.
    - No posto de tiro.
    - Voces para o comezo e fin dos disparos.
    - Normas básicas de comportamento durante as competición.
  3. Armas e municións.
    - Armas de fogo e a súa clasificación.
    - Municións
    - Calibres.
  4. Nocións de tiro.
    - Posición do tirador.
    - Empuñamento.
    - Elementos de puntería, como apuntar unha arma, erros máis comúns.
    - Agrupación e dispersión dos disparos
  5. Preparación do tirador.
    - Preparación física, mental, técnica e táctica.
  6. Especialidades do tiro deportivo.
    - Precisión
      - Probas olímpicas e probas deportivas. Armas Históricas.
      - Percorridos de Tiro.
      - Bench Rest (Alta Precisión).
      - F-Class (Fusil Larga Distancia).
  7. Normativas deportivas, obtención, ascenso e mantemento de clase, renovación de licenzas e baixas.
  8. Reglamentación vixente.
    - Extracto do Regulamento de Armas, referente a Armas de Concurso.
      - Licenza Tipo F.
      - Tenencia e uso de armas de concurso, clases. Prazo de validez da licenza.
      - Guía para armas de concurso, expedición.
      - Clasificación das armas.
      - Pérdida da habilitación deportiva e do dereito á licenza F.
    - Seguridade das armas en domicilios particulares.
    - Extravío ou roubo das armas das guías de pertencencia.
    - Recarga de cartuchería por particulares, normas.
    - Medidas mínimas de seguridade das caixas fortes para a garda e custodia das armas en domicilios particulares.

- **Fase práctica:** Un mínimo de 6 horas, 8 en caso de ser impartidas na galería materias correspondentes á fase teórica. Incluirá:
  1. Efectuar uns 150 disparos por alumno do calibre .22 (5,6 mm).
  2. Tiro en galería, aplicación do programa teórico.
  3. Corrección de erros polo entrenador.
  4. Según alumno e capacidade de adaptación ó deporte do tiro, poderanse impartir as horas e disparos necesarios antes de ser presentados ó examen práctico.

Ó rematar o curso, que deberá ser antes do fin de prazo de inscrición na proba (aínda que poderán facerse prácticas despois), o club que impartiu o curso emitirá un certificado de aptitude dos tiradores que o superaron, firmado polo entrenador que o impartiu e co visto e prace dun directivo do club das instalacións onde se celebraron as prácticas.

Antes de finalizar o prazo de inscrición da proba deberá actualizarse na aplicación da FEGATO a lista de participantes, de maneira que só permanezan aqueles que finalmente se presentarán á proba.

## 4. CAMPIONATOS AUTONÓMICOS CLASIFICATORIOS E AUTONÓMICOS FINAIS

Nestos campionatos poderán participar todos tiradores que teñan licenza federativa do ano en curso.

Estos campionatos son válidos para a renovación e o ascenso de categoría (terceira a segunda) da licenza de armas tipo "F", agás nas modalidades de Armas Históricas e Aire Comprimido.

Os tiradores juniors non poderán participar nas competicións clasificatorias nin finais das modalidades de fogo central e de 9 mm.

### 4.1. INSCRICIÓN

Os tiradores interesados en presentarse a estas competicións deberán formalizar as súas inscricións a través do club ó que pertencen, e o club as remitirá a FEGATO, a través da aplicación correspondente ou por email ([licencias@fegato.es](mailto:licencias@fegato.es)), no caso de non ser posible o uso da aplicación.

Tamén poderán inscribirse os propios tiradores dende a web da FEGATO en todas as competicións salvo nas específicas de equipos de club, onde será o club o que configure e inscriba os equipos.

A cota de inscrición:

- En FClass: será fixada polo club organizador, e o seu importe estará en función dos gastos de montaxe, organización e persoal de apoio. Deberá ingresarse na conta bancaria do club organizador.
- No resto de modalidades: cando o club faga as inscricións, deberá ingresa a cota correspondente na conta bancaria da FEGATO número ES14 2080 5500 4330 4011 1955 (Abanca); cando as faga o propio tirador, o proceso de inscrición cobraralle xa a cota correspondente. O importe pode consultarse no anexo ca lista de tarifas.

O prazo de inscrición remata 6 días (naturais) antes da celebración do campionato, establecéndose como hora de peche as 13,00 horas. Unha vez rematado este prazo, non será posible realizar



ningunha inscrición.

#### **4.2. CAMPIONATOS AUTÓMICOS CLASIFICATORIOS (PROVINCIAIS)**

Os tiradores con licenza federativa correspondente a unha provincia distinta á de celebración da competición poderán participar fóra de concurso e só a efectos de puntuación para a participación nos campionatos autonómicos finais, ascenso de clase ou renovación da licenza de armas.

No caso de que algún tirador non poidese participar nun campionato clasificatorio por estar competindo nunha proba federativa de rango superior, darase por clasificado para a fase final sempre que acadara a puntuación establecida no Baremo 1 nalgún campionato autonómico clasificatorio, autonómico final ou nacional do ano en curso ou anteriores.

Aqueles campionatos clasificatorios onde o número de inscritos non chegue a tres serán cancelados, salvo que se celebren ó mesmo tempo e nas mesmas instalacións que outra modalidade similar, como poden ser o caso de pistola e carabina aire. No caso de que o campionato clasificatorio se cancele os inscritos clasificaranse directamente para a fase final da modalidade.

Nos campionatos autonómicos clasificatorios non se celebrarán finais olímpicas.

Se algunha provincia carece de instalación para celebrar algunha modalidade de tiro, esta poderase celebrar noutra provincia, ou na mesma, adaptándose o máis posible ó regulamento.

#### **4.3. CAMPIONATOS FASES FINAIS (GALEGOS)**

Como norma xeral poderán participar todos tiradores que participasen nos campionatos autonómicos clasificatorios do ano en curso ou no campionato final do ano anterior, e que acadasen as puntuacións mínimas que, para cada modalidade e clase, se sinalan no anexo como Baremo 1.

Nas modalidades olímpicas celebraranse finais sempre que no campionato participen polo menos 8 tiradores, agás na modalidade de Pistola Velocidade, que realizarase con 6 tiradores.

Nos Campionatos Autonómicos Fases Finais (Galegos) de pistola e carabina aire (precisión) poderán participar os Xóvenes Promesas, sendo compatible esta participación coas actividades deportivas que lles son propias como tales. As condicións que teñen que cumprir son as seguintes:

- Xuveniles e clases inferiores: deben ter participado no en curso nalguna competición federativa nacional como junior, e haber obtido os puntos establecidos no Baremo 1 (puntuacións mínimas esixidas para participar nos campionatos autonómicos fases finais) para esa clase.
- Outras clases: teñen que cumprir as normas que rixen os Campionatos Fases Finais arriba descritas.

A participación nestas competicións daralles dereito a cobrar as axudas establecidas no Baremo 3 (axudas a percibir nos campionatos galegos), e tamén a participar na Copa Galicia no caso de clasificarse.

#### **4.3.1. Equipos de Club**

Nos campionatos autonómicos finais, ademais da competición individual, haberá competición de equipos de club, podendo inscribir equipos aqueles clubs federados que teñan abonado o canon federativo do ano en curso.

Os tiradores que formen parte dun equipo terán que estar inscritos no campionato de forma individual.

Cada equipo de club estará formado por tres ou catro tiradores, dependendo da modalidade, que deberán pertencer ó club (debe aparecer ese mesmo club na licenza federativa dos tiradores). Cada club pode presentar os equipos que desexe.

Os equipos estarán integrados por tiradores de calquera clase que compita o mesmo día e baixo condicións semellantes, tendo que ser obrigatoriamente da mesma modalidade. Os equipos poderán ser mixtos cando a modalidade o permita.

Nas modalidades de Avancarga e Cartuchería Metálica so se presentarán equipos nas modalidades de Peterlongo, Forsyth, Pforzheim, El Álamo, Rigby, Piñal, Núñez de Castro, Freire e Brull, Whitworth e Martín Cerezo.

Ó rematar cada campionato, ademais da clasificación individual, darase unha clasificación dos equipos.

#### **4.4. SORTEOS E HORARIOS**

O venres da semana anterior a da competición publicarase na web da FEGATO unha lista provisional de inscritos.

Nas datas seguintes ó peche do prazo de inscrición celebrarase o sorteo correspondente ós postos, tandas, etc., e estableceranse as horas de competición e finais (se as houberse por razóns da modalidade). Esta información publicarase na web da FEGATO e no club sede do campionato.

Como norma xeral, as competicións comezarán a unha hora que permita finalizar (incluída a entrega de trofeos, cando a haxa) a unha hora apropiada para que os tiradores podan chegar a comer as súas casas.

Será responsabilidade do tirador comprobar que tanto a súa inscrición coma os seus datos foron incluídos correctamente nas listas publicadas das diferentes competicións. Calquera erro detectado deberá comunicárselle, antes do xoves anterior á data da celebración, ó comité organizador da competición para a súa corrección, de non facelo así o día da competición o Comité Organizador poderá negarlle a participación aínda que o erro non sexa responsabilidade do tirador.

Os tiradores inscritos nunha competición, de non poder participar, teñen a obriga de comunicalo á organización coa maior brevidade posible.

Se ó comezo dunha entrada queda un posto libre non se cubrirá, de presentarse o tirador que o teña asignado aplicáraselle o estipulado nos regulamentos en vigor.

#### 4.5. TROFEOS

Entregaranse os seguintes trofeos:

➤ **Individual:**

- 1º, 2º e 3º Medalla e diploma
- 4º, 5º e 6º diploma

✓ **Equipos (só nas fases finais):**

- Diploma ós 1º, 2º e 3º equipos clasificados

En todos os casos as medallas poderán ser substituídas por trofeos e viceversa.

Os trofeos de todas as modalidades serán por conta da FEGATO.

#### 4.6. GASTOS DAS COMPETICIÓNS

En FClass os gastos das competicións serán por conta do club organizador, e serán abonados con cargo ós ingresos por inscricións.

No resto de modalidades os gastos de competición correspondentes os brancos, auxiliares, organización, etc. serán abonados polo club organizador, que posteriormente emitirá unha factura sobre os mesmos para que a abone a FEGATO. Ós árbitros da competición pagaralles directamente a FEGATO.

O club que albergue o campionato recibirá unha gratificación de 2 € por participante. Este concepto incluírao o club na factura cos gastos da competición.

### 5. CAMPIONATOS AUTONÓMICOS INTERPROVINCIAIS

Poderán participar todos os tiradores, en posesión da licenza federativa do ano en curso, que teñan licenza de armas tipo "F" de 3ª categoría e que desexen ascender a 2ª categoría.

Os tiradores interesados en presentarse a estas competicións deberán formalizar as súas inscricións a través do club ó que pertencen, e o club as remitirá a FEGATO, a través da aplicación correspondente ou por email ([licencias@fegato.es](mailto:licencias@fegato.es)), no caso de non ser posible o uso da aplicación.

Tamén poderán inscribirse os propios tiradores dende a web da FEGATO.

O prazo de inscrición remata 6 días (naturais) antes da celebración do campionato establecéndose como hora de peche as 18,00 horas.

Nas datas seguintes ó peche da inscrición o club organizador celebrará o sorteo correspondente ós postos, tandas, etc., e establecerá as horas de competición.

Estos campionatos son válidos para a renovación da licenza de armas tipo "F".

### 6. CAMPIONATOS AUTONÓMICOS SOCIAIS E ADESTRAMENTOS CONTROLADOS

Os campionatos autonómico sociais e os adestramentos controlados conforman a actividade dos clubs, que envían á FEGATO un calendario coas datas nas que solicitan celebrar esas competicións.

Os tiradores que queiran inscribirse nesas competicións terán que dirixirse directamente ó club organizador. Deberán estar en posesión da licenza federativa do ano en curso de a licenza de armas correspondente se a competición realízase con armas de fogo.

Os campionatos autonómicos sociais son válidos para a renovación da licenza de armas tipo "F" de segunda ou terceira categoría, agás nas modalidades de Armas Históricas e Aire Comprimido.

Os adestramentos controlados son válidos para a renovación da licenza de armas "F" de 3ª categoría e para complementar a renovación de 2ª categoría.

As competicións deberán realizarse de acordo coas normas e regulamentos en vigor. O incumprimento ou a non aplicación das normas de competición será responsabilidade do club organizador.

Os clubs organizadores, unha vez celebrada a tirada, remitiralle a FEGATO, nos 30 días seguintes, a acta da competición, que deberán estar asinada polo árbitro oficial e levar o selo do club; de non ser así non será válida. A acta enviarase únicamente por email, en formato excel e pdf.

## 7. CAMPIONATOS AUTONÓMICOS DE CLUBS

### 7.1. AUTONÓMICO FINAL DE EQUIPOS DE CLUB - PISTOLA AIRE

Nesta competición poden participar equipos de todos os clubs federados, conforme á seguinte normativa:

- Os equipos estarán formados por 5 deportistas, podéndose mesturar nun mesmo equipo tiradores de calquera clase (incluidos os Xóvenes Promesas).
- O número de equipos inscritos non poderá ser, en ningún caso, superior a 18.
- Cada Club poderá presentar un equipo completo no campionato. Se unha vez inscrito un equipo por club non houberse 18 inscritos, poderanse admitir máis equipos por club, ata chegar ao total. Se a inscrición de segundos equipos provocase que se excedesen os 18 rexistrados, seleccionaríanse os equipos que entrarían en competición en función da participación dos tiradores do club nos Campionatos Galegos de Pistola Aire do ano en curso.
- Cada equipo competirá nunha mesma tanda (non se poden partir equipos en tandas diferentes) e en postos adxacentes (os 5 membros dun equipo en 5 postos seguidos). Os integrantes dun mesmo equipo tentarán vestir coa uniformidade do club (suficiente parte superior).

#### **FORMATO DE COMPETICIÓN:**

A orde de clasificación da acta virá determinado pola suma do total dos disparos de cada un dos compoñentes do equipo, sen décimas. Non haberá clasificacións individuais.

Os desempates faranse conforme ás normas da ISSF con respecto os equipos.

Haberá dúas fases:

❖ **Clasificación**

A competición será a 30 disparos en 40 minutos, con 10 minutos de preparación e ensaio.

Os tres primeiros equipos clasificados pasarán á Final por Equipos, que determinará as medallas de Ouro, Prata e Bronce.

❖ **Final**

A Final será a 5 disparos a ritmo de final individual de ISSF (50 segundos por disparo desde a orde de "XA"). Antes do comezo da Final haberá 5 minutos de preparación e ensaio, seguidos da pertinente presentación dos equipos e os seus tiradores. Cada disparo de final de cada tirador sumarase xunto aos dos outros compoñentes do equipo, de tal modo que soamente haberá unha clasificación cos tres equipos.

**TROFEOS:**

- ✓ Trofeo e diploma para os equipos 1º, 2º e 3º
- ✓ Medalla FEGATO a cada integrante dos equipos 1º, 2º e 3º

**7.2. AUTONÓMICO FINAL DE PARELLAS MIXTAS - AIRE COMPRIMIDO**

Nesta competición poden participar equipos de todos os clubs federados, conforme á seguinte normativa:

- As parellas estarán formadas por 2 deportistas, un home e unha muller, do mesmo club, de calquera clase (incluídos os xóvenes promesas).
- O número de parellas inscritas non poderá ser, en ningún caso, superior a 45.
- Cada Club poderá presentar catro parellas no Campionato; se unha vez inscritas catro parellas por club non houbese 45, poderanse admitir máis parellas por club, ata chegar ao total. Os integrantes dunha mesma parella tentarán vestir coa uniformidade do club (suficiente parte superior).

**FORMATO DE COMPETICIÓN:**

A orde de clasificación virá determinada sempre pola suma do total dos disparos de cada un dos compoñentes da parella. Non haberá clasificacións individuais.

Os desempates faranse conforme ás normas da ISSF correspondentes.

Haberá dúas fases:

❖ **Clasificación**

A competición será a 30 disparos en 40 minutos, 10 minutos de preparación e ensaio.

As catro primeiras parellas clasificadas pasarán á Final, que determinará as medallas de Ouro, Prata e Bronce.

#### ❖ **Final**

Consta de dúas partes:

- unha primeira, onde se decide a medalla de bronce (3º e 4º clasificados)
- unha segunda, onde se deciden as medallas de ouro e prata. (1º e 2º clasificados)

#### PROCEDEMENTO DE PUNTUACIÓN:

- a) Todos os disparos anotarase con puntuación decimal.
- b) A parella coa puntuación combinada máis alta en cada tanda gaña dous (2) puntos.
- c) En caso de empate na puntuación, cada parella recibe un (1) punto.
- d) A parella que chegue antes a dezaseis (16) puntos ou máis, gañará a parte final correspondente.
- e) En caso de empate no que ambas parellas anotasen polo menos dezaseis (16) puntos, a final continuará cun (1) disparo adicional realizado por ambos os membros de cada parella, para decidir o empate.

#### **TROFEOS**

- ✓ Medalla e diploma os integrantes das parellas 1ª, 2ª e 3ª
- ✓ Diploma os integrantes das parellas 4ª, 5ª y 6ª.

## 8. COPA GALICIA

A Copa Galicia disputarase de maneira rotativa nas Modalidades de:

- **Pistola Aire 60 (Mixto)**
- **Carabina Aire 60 (Mixto)**

Para o ano 2025 a Copa Galicia celébrase na modalidade de pistola aire, se hai o número mínimo de participantes establecido; se non celébrase na modalidade de pistola aire. Será a XXXVI edición.

As normas desta competición son as seguintes:

- Poderán participar os 24 tiradores máis destacados de todas as clases de tirador agás xuvenís e inferiores. A clasificación farase entre aqueles que acaden as mellores puntuacións no Campionato Autonómico Final da Modalidade a disputar.
- A puntuación de clasificación será a puntuación individual sen final.
- De existires empate para a clasificación procederase o desempate seguindo o establecido nas normas I.S.S.F.
- Para a súa celebración será necesario unha participación mínima de 15 tiradores, de non cumprirse este requisito disputarase na modalidade seguinte.

- Os tiradores que se clasifiquen teñen, obrigatoriamente, que solicitar a súa inscrición. No caso de que algún tirador clasificado renuncia a participar, poderá clasificarse o seguinte, se o prazo de inscrición non rematou.
- As normas e prazos de inscrición serán os mesmos que se aplican para os Campionatos Autonómicos Finais.

Os trofeos que se entregarán nesta competición serán os seguintes:

- ✓ 1º, 2º e 3º Copa ou medalla, e diploma
- ✓ 4º, 5º e 6º Diploma

## 9. CAMPIONATOS NACIONAIS

### 9.1. INSCRICIÓN

Os tiradores interesados en presentarse a estas competicións deberán formalizar as súas inscricións a través do club ó que pertencen, e o club as remitirá a FEGATO, a través da aplicación correspondente ou por email ([galega@fegato.es](mailto:galega@fegato.es)), no caso de non ser posible o uso da aplicación.

Tamén poderán inscribirse os propios tiradores dende a web da FEGATO en todas as competicións salvo nas específicas de equipos de club, onde será o club o que configure e inscriba os equipos.

Deberanse formalizar as inscricións na FEGATO 24 horas antes de que finalice o prazo sinalado pola RFEDETO para ás Federacións Autonómicas.

Os importes das inscricións, que poderán consultarse na páxina da RFEDETO, deberán ser ingresados na conta da Federación Galega número ES83 2080 5500 4130 4011 3430 (Abanca), antes de que remate o prazo de inscrición. O xustificante de ingreso enviarase xunto ca inscrición.

### 9.2. CERTIFICADOS

Para a emisión de certificados de resultados, só se certificarán, a petición dos tiradores, aqueles resultados obtidos nas competicións de nivel español das que se teñan actas.

### 9.3. FORMACIÓN DE EQUIPOS PARA OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA

A FEGATO, **sempre que o estime conveniente**, en base ó nivel dos posibles asistentes e si as condicións económicas o permiten, enviará **un equipo** galego (excepcionalmente poderán enviarse máis equipos no caso dos Xóvenes Promesas) que represente a Galicia nos Campionatos de España, e abonará a súa inscrición.

Para poder formar parte do equipo Galego os tiradores deberán ter a mesma categoría deportiva na FEGATO que na Real Federación Española de Tiro, de non ser así non serán seleccionados para a formación de equipos galegos nos campionatos nacionais.

Os compoñentes dos equipos galegos que resulten premiados deberán esperar a entrega de trofeos e recibir a honra que lles corresponda. Deberán obrigatoriamente levar a uniformidade da FEGATO (polo ou chándal) na entrega de trofeos, sempre que dispoñan dela.

Se ningún tirador alcanza a puntuación do Baremo 2 no último Campionato Autonómico Final celebrado, a FEGATO non formará equipo.

En Precisión, FClass, Armas Históricas e Cartuchería Metálica os equipos estarán compostos por tres tiradores e formaranse da seguinte maneira:

#### **9.3.1. Formación de equipos completos**

- Os equipos se formarán cos dous primeiros clasificados, coas puntuacións máis altas, no último Campionato Autonómico Final celebrado, sempre que se acadasen as puntuacións mínimas esixidas no Baremo 2; o terceiro (excepcionalmente) poderá designarse a criterio da FEGATO.
- A puntuación de clasificación será a puntuación individual sen final.
- Os equipos así formados se lles dotará da uniformidad reglamentaria.
- Recibirán a bolsa de axuda, as medallas individuais que consigan e o importe da devolución da inscrición.
- Cando los equipos que representen a FEGATO teñan que participar en competicións por máis de tres días, recibirán polo cuarto día e sucesivos a cantidad reseñada en a **Axudas**.

#### **9.3.2. Formación de equipos incompletos**

- Cando o número de tiradores con Baremo 2 non sexa suficiente para formar el equipo, a FEGATO poderá completar o equipo con un ou dous tiradores necesarios, coas puntuacións máis altas no último Campionato Autonómico Final celebrado; o terceiro (excepcionalmente) poderá designarse a criterio da FEGATO.
- Os tiradores que completen equipos recibirán como axuda o importe das medallas individuais e a medalla de equipo de maior valor (as medallas de equipo no son acumulables).
- Recibirán o polo ou sudadera reglamentaria, se non teñen asignada uniformidade.
- Cando los equipos que representen a FEGATO teñan que participar en competicións por máis de tres días, recibirán polo cuarto día e sucesivos a cantidad reseñada en a **Axudas**.

#### **9.3.3. Axuda individual cando non se forma equipo**

- Se por falta dos tiradores necesarios ou porque a FEGATO decidiu non completalo non se forma equipo, o tirador ou os tiradores superaran o Baremo 2 no último Campionato Autonómico Final celebrado, terán as mesmas axudas que os tiradores dos equipos completos.

#### **9.3.4. Formación de equipos “a petición propia”**

A FEGATO, a petición dos tiradores inscritos, poderá formar equipos que a representen nos Campionatos de España sempre que soliciten por escrito a súa vontade de formar equipo sabendo que non teñen dereito á axuda.

A FEGATO valorará en cada campionato se formar ou non equipos a petición propia, e a composición dos mesmos.



A composición destes equipos estará feita en función das puntuacións obtidas nos campionatos galegos, o terceiro (excepcionalmente) poderá designarse a criterio da FEGATO.

A FEGATO abonaría os gastos de inscrición destes equipos.

Normas:

- Un tirador e un equipo representará a Galicia cando así o propoña a FEGATO mediante a súa inscrición oficial e reciba axudas de FEGATO.
- Os tiradores destes equipos recibirán como axuda o importe das medallas individuais e a medalla de equipo de maior valor (as medallas de equipo non son acumulables).
- O importe das axudas está reseñado no apartado **Axudas**.

### 9.3.5. Formación de equipos de Xóvenes Promesas

A FEGATO abonará todas as inscricións dos Xóvenes Promesas, tanto as individuais como as de equipos.

A FEGATO, sempre que o estime conveniente, en base ó nivel dos posibles asistentes e si as condicións económicas o permiten, enviará un ou varios equipos galegos por clase que represente a Galicia no Campionato de España.

Os equipos formaranse cos tiradores que obtiveran as puntuacións máis altas no último Campionato Final de Xóvenes Promesas celebrado, podendo a FEGATO designar, excepcionalmente, a algún tirador que non cumpra a norma anterior. Ós integrantes destes equipos se lles dotará da uniformidade regulamentaria, se non a teñen, e terán dereito a cobrar a seguinte porcentaxe da bolsa de axuda establecida no apartado **Axudas**:

- Os que acadaran as puntuación establecidas na Columna A do Baremo XP cobrarán o 100% da bolsa
- Os que acadaran as puntuación establecidas na Columna B do Baremo XP cobrarán o 50% da bolsa
- O resto de tiradores cobrarán o 25% da bolsa

No caso de que non se formara equipo dunha clase determinada por non haber suficientes tiradores, os participantes na competición desa clase terán dereito a cobrar o seguinte porcentaxe da bolsa de axuda establecida no apartado **Axudas**:

- Os que acadaran as puntuación establecidas na Columna A do Baremo XP cobrarán o 100% da bolsa
- Os que acadaran as puntuación establecidas na Columna B do Baremo XP cobrarán o 50% da bolsa

En todos os casos os tiradores xóvenes promesas terán dereito a cobrar as axudas polas medallas individuais que consigan, segundo o establecido no apartado **Axudas**. Non haberá axudas por medallas de equipo.

#### **9.4. FORMACIÓN DE EQUIPOS PARA OTRAS COMPETICIÓN DO CALENDARIO NACIONAL**

A FEGATO, se as condicións económicas o permiten, e a petición dos tiradores inscritos, poderá formar equipos que a representen en outras competicións do ámbito nacional. Estes equipos, “a petición propia” rexiríanse pola mesma normativa do apartado 9.3.4.

A FEGATO poderá decidir en todo momento que equipos a petición propia formaranse para ir as distintas competicións e a composición dos mesmos.

#### **9.5. DELEGADO FEDERATIVO**

De non acudir o presidente ou vicepresidente da Sección de Precisión a un Campionato de España poderase nomear a un Delegado Federativo que representará á FEGATO no campionato designado, coa obriga de exercer as funcións encomendadas. Unha vez finalizada a competición deberá, á maior brevidade posible, remitir informe do desenvolvemento do Campionato para constancia da Federación. De non ir formando parte do equipo, abonaráselle os gastos de desprazamento, máis unha axuda de custo reducida por cada día de competición, mais outra polo día anterior ó inicio da Competición.

Se o Delegado Federativo é compoñente dos equipos da Federación Galega de Tiro Olímpico, abonaráselle unha axuda de custo reducida por cada día de competición mais outro polo día anterior ó inicio da competición.

### **10. UNIFORMIDADE**

A FEGATO dotará de uniformidade ós tiradores que compoñen os equipos que forma para os Campionatos de España e a todos os Xóvenes Promesas que participan nos Campionatos de España e na Copa SAR Princesa de Asturias. Estes tiradores deben utilizar a uniformidade sempre na entrega de trofeos de calquer competición na que participen.

Nas demais competicións nas que se participa como equipo da FEGATO (os que non é posible dotar de uniformidade), é lóxico esperar que si se vai a cobrar unha axuda da Federación Galega de Tiro, os tiradores utilicen, a lo menos na entrega de trofeos, a uniformidad que a representa.

FEGATO apreciará en todos os casos ó uso dos seus distintivos.

### **11. ARBITRAXES**

Para poder arbitrar nas competicións oficiais será necesario posuír a Licenza federativa de xuíz-árbitro en vigor e que a esta teña liquidado o seguro deportivo.

No presente ano abonaranse por gastos de arbitraxes as seguintes cantidades:

- ✓ Axuda de 60,00 € en competición de ata catro horas; a partir das catro horas abonaranse 15 € por cada hora. Aplicarase a dedución correspondente de IRPF.

Os axudantes sé lles abonarán:

- ✓ Axuda de 40,00 € en competición de ata catro horas; a partir das catro horas abonaranse 10 € por cada hora. Aplicarase a dedución correspondente de IRPF.

Para non especificar todas as situacións que puidesen darse aplícase o Decreto 21/1994, de 4 de febreiro, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, sobre indemnizacións por razón de servizo ó persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

Para abonar os gastos por actuacións doutros técnicos aplicarase o disposto no devandito decreto.

## 12. RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS

Calquera tirador ou Delegado Federativo ten dereito a reclamar ou apelar os feitos ou decisións que se produzan nunha competición e afecten os seus intereses deportivos. De suceder isto, deberá facelo en tempo e forma de acordo cos procedementos que sinala o Regulamento da I.S.S.F. nos artigos correspondentes, e a súa reclamación será resolta polos Xurados de Competición/Clasificación/Apelación.

O depósito que debe acompañar será de 50,00 € que será devolto se a reclamación é aceptada.

No caso de desacordo coa decisión do Xurado de Competición ou Clasificación, e se recorre ao Xurado de Apelación o depósito será de 60,00 € que, xunto co inicial de 50,00 €, serán devoltos se se confirma xustificada a Apelación.

## 13. FINAIS OLÍMPICAS

Nas finais olímpicas das modalidades de Carabina Aire, Pistola Aire 60, Carabina 3x20 tendo en conta que as normas que rixen as finais están pensadas para brancos electrónicos cabe facer, sin que afecte o mais mínimo ás puntuacións, unhas pequenas adaptacións que faciliten o seguimento das finais con brancos de papel. Procederanse a cantar os disparos como sigue:

- \* Na 1ª fase de competición, en cada unha das dúas series de 5 disparos, en 300 segundos, cantaranse, una vez feito o quinto disparo, os puntos de cada disparo e o sumatorio.
- \* Na 2ª fase de competición os tiradores teñen 50 seg para efectuar cada disparo; permanecerán a espera das voces de “transporten brancos” e, unha vez realizado o disparo, de “traian brancos”, evitando desta forma distraer o resto de tiradores. Cantaranse, una vez feito o segundo disparo, os puntos de cada disparo e o sumatorio, coincidindo co anuncio do tirador eliminado.

## 14. NOTAS FINAIS

- ✓ As actividades oficiais programadas e os correspondentes orzamentos executaranse sempre que os ingresos destinados á actividade de precisión o permitan.
- ✓ A FEGATO, se o considera oportuno, poderá invitar a tiradores, clubs ou federacións de fora de Galicia co obxecto de intercambiar ou establecer relacións deportivas.

- ✓ Os tiradores juniors, se os ingresos o permiten, recibirán axudas para concentracións, cursos de formación, perfeccionamento, material deportivo, vestimenta etc.
- ✓ Os récords galegos son as puntuacións máis altas alcanzadas nos Campionatos Galegos, na Copa Galicia e naquelas competicións federativas nacionais e internacionais que a Federación Española recoñeza como válidas para os récords de España.

## 15. AXUDAS

A FEGATO repartirá unha serie de axudas cumprindo co seguinte:

- A Xunta Directiva da FEGATO, previa aprobación da Comisión Delegada, poderá aumentar ou diminuír as axudas segundo as disposicións económicas.
- Para poder cobrar os premios en metálico ou bolsas de desplazamento, os tiradores teñen que cumprir coa condición política de galego que ben establecida no artigo 3.1 da lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia no que se di expresamente que gozan da condición política de galegos os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estatuto, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

### 15.1. AXUDAS EN CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS

Ó finalizar o último campionato autonómico final do ano abonaranse premios en metálico ós que obtiveran bos resultados nos campionatos fases finais. As puntuacións para obter estes premios figuran no Baremo 3.

Se nunha modalidade máis de tres tiradores alcanzaran o baremo establecido, só cobrarán a axuda os tres primeiros clasificados.

A cuantía obtida por obter o Baremo 3 nunha competición será de 60,00 €.

A estes premios aplícaselles a deducción correspondente de IRPF.

### 15.2. AXUDAS EN CAMPIONATOS NACIONAIS

#### 15.2.1. Axudas por Medallas individuais

Os importes das medallas individuais, naqueles casos que corresponda cobrarlas segundo o establecido no apartado 9, serán os seguintes:

- ❖ Medalla de Ouro: 100 €
- ❖ Medalla de Prata: 75 €
- ❖ Medalla de Bronce: 50 €

#### 15.2.2. Bolsa de axuda e medallas de equipo para juniors, seniors/donas, veteranos/as

O importe da bolsa de axuda por desplazamento, naqueles casos que corresponda cobrarlas segundo o establecido no apartado 9, será o seguinte:

- ❖ 100 € se a competición é na Comunidade Autónoma

- ❖ se a competición é fora da Comunidade Autónomaica:
  - ✓ 270 € si a competición se celebra a menos de 301 Km
  - ✓ 300 € se a competición se celebra a una distancia comprendida entre os 301 e os 600 Km
  - ✓ 330 € se a competición se celebra a una distancia comprendida entre os 601 e os 900 Km
  - ✓ 400 € se a competición se celebra a máis de 900 Km

A distancia será a que haxa entre a sede da FEGATO en Lugo e o campo de tiro onde se celebre a competición.

A bolsa de axuda cubrirá 3 días de competición. Polo cuarto e sucesivos días de competición abonarase una axuda de 40 €.

Os importes das medallas de equipo, naqueles casos que corresponda cobrarlas segundo o establecido no apartado 9, serán os seguintes:

- ❖ Medalla de Ouro: 100 €
- ❖ Medalla de Prata: 75 €
- ❖ Medalla de Bronce: 50 €

#### **15.2.3. Bolsa de axuda para os Xóvenes Promesas**

O importe da bolsa de axuda por desplazamento, naqueles casos que corresponda cobrarlas segundo o establecido no apartado 9.3.5., será o seguinte:

- ❖ 100 € se a competición é na Comunidade Autónomaica
- ❖ se a competición é fora da Comunidade Autónomaica:
  - ✓ 270 € si a competición se celebra a menos de 301 Km
  - ✓ 300 € se a competición se celebra a una distancia comprendida entre os 301 e os 600 Km
  - ✓ 330 € se a competición se celebra a una distancia comprendida entre os 601 e os 900 Km
  - ✓ 400 € se a competición se celebra a máis de 900 Km

A distancia será a que haxa entre a sede da FEGATO en Lugo e o campo de tiro onde se celebre a competición.

#### **15.2.4. Copa S.A.R. Princesa de Asturias**

As inscricións dos tiradores galegos na Copa S.A.R. Princesa de Asturias serán por conta da Federación Galega, e como axuda so se abonarán as cantidades correspondentes as medallas que obteñan, pola mesma cuantía que se indica no apartado 15.2.1.

### **15.3. OUTRAS AXUDAS EN COMPETICIÓNS NACIONAIS OU INTERNACIONAIS**

Cando un tirador obteña unha puntuación ou clasificación notable nalgunha competición nacional ou internacional e non lle corresponda axuda conforme a estas normas, poderá solicitar á FEGATO una axuda extraordinaria; a Xunta Directiva decidirá si concederlla ou no e, en caso afirmativo, establecerá a cuantía da mesma.

## 16. ANEXOS

### 16.1. LISTA DE TARIFAS PARA O ANO 2025.

<b>Licenzas</b>	
Tirador de precisión de categoría junior ou inferior	Gratuita
Tirador de precisión de categoría senior/dona ou superior O último cuatrimestre do ano as licenzas novas custarán a metade do importe establecido (33 €).	66 €
Árbitro de precisión	36 €
Entrenador de precisión	36 €
<b>Certificados</b>	
Renovación	Gratuito
Ascenso	20 €
Arma de Concurso	20 €
Outros	20 €
<b>Inscripcións</b>	
Competicións de Xóvenes Promesas	Gratuita
Cto Autonómico Clasificatorio	6 €
Cto Autonómico Final	Gratuita
Cto Autonómico Final Equipos Club Pistola Aire	30 €
Copa Galicia	Gratuita
Interprovincial	Gratuita
<b>Outros</b>	
Tasas da proba de obtención de licenza F	40 €
Canon federativo club	75 €

## 16.2. BAREMO 1: PUNTUACIÓNS MÍNIMAS ESIXIDAS PARA PARTICIPAR NOS CAMPIONATOS AUTONÓMICOS FASES FINAIS

Os Xóvenes Promesas e os junior non teñen que obter puntuación mínima para participar nas fases finais, só teñen que haber participado nalgunha das fases clasificatorias do ano en curso ou na fase final do ano anterior, da modalidade correspondente.

No resto de casos deben obterse as seguintes puntuacións mínimas:

MODALIDADE	SENIOR	VETERANO	VETETERANO -S	VETERANO - M
PISTOLA LIBRE	480	460	440	420
PISTOLA VELOCIDADE	490	470	450	430
PISTOLA DEP. DONAS	420	400	380	360
PISTOLA 30 + 30	EXENTA A PUNTUACIÓN, É NECESARIA A PARTICIPACIÓN			
PISTOLA AIRE SENIOR	510	490	470	450
PISTOLA AIRE DONAS	420	400	380	360
CARABINA TENDIDO SENIOR	420	400	380	360
CARABINA TENDIDO DONAS	400	380	360	340
CARABINA 3X20 DONAS	360	340	320	300
CARABINA 3X20 SENIOR	380	360	340	320
CARABINA AIRE SENIOR	400,00	360,00	340,00	320,00
CARABINA AIRE DONAS	EXENTA A PUNTUACIÓN, É NECESARIA A PARTICIPACIÓN			
PISTOLA STANDARD	500	450	430	420
P. FOGO CENTRAL	510	460	430	420
PISTOLA 9 MM	490	450	420	410
PISTOLA AIRE VELOCIDADE SENIOR	12	10	8	6
PISTOLA AIRE VELOCIDADE DONAS	8	6	4	2
PISTOLA AIRE STANDARD SENIOR	320	305	290	275
PISTOLA AIRE STANDARD DONAS	280	260	240	220
F-CLASS 50m FTR	210			
F-CLASS 50m OPEN	270			
KUCHENREUTER	70			
MARIETTE	70			
DONAL MALSON	50			
VETTERLI	70			



**16.3. BAREMO 2: PUNTUACIÓNS MÍNIMAS ESIXIDAS PARA FORMAR EQUIPO GALEGO NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA**

<b>MODALIDADE</b>	<b>SENIOR</b>	<b>VETERANO</b>	<b>JUNIOR</b>
PISTOLA LIBRE	518	506	512
PISTOLA VELOCIDADE	532	520	526
PISTOLA DEP. DONAS	543	527	533
PISTOLA 30 + 30	----	----	533
PISTOLA AIRE SENIOR	560	546	546
PISTOLA AIRE DONAS	544	526	532
CARABINA TENDIDO SENIOR	587	575	579
CARABINA TENDIDO DONAS	580	570	574
CARABINA 3x20 DONAS	530	500	500
CARABINA 3x20 SENIOR	558	525	525
CARABINA AIRE SENIOR	600	588	594
CARABINA AIRE DONAS	591	581	585
PISTOLA STANDARD	540	528	534
P. FOGO CENTRAL	554	542	
PISTOLA 9 MM	554	542	
P. AIRE VELOCIDADE SENIOR	20	17	19
P. AIRE VELOCIDADE DONAS	16-	14	15
PISTOLA AIRE STANDARD SENIOR	350	333	339
PISTOLA AIRE STANDARD DONAS	310	298	304
EQUIPOS MIXTOS	HOME		560
	MULLER		544
KUCHENREUTER	93		
MARIETTE	92		
DONAL MALSON	75		
VETTERLI	93		
PIÑAL	171 (20)		89 (13)
NUÑEZ DE CASTRO 3	175 (20)		92 (13)

MARTIN CEREZO- POLVORA NITRO	169 (20)	85 (13)
F-CLASS RIMFIRE 50 M. OPEN	300,024	
F-CLASS RIMFIRE 50 M. FTR	294,018	
F-CLASS RMF C. 50 + 100 M. OPEN	298,080	
F-CLASS RMF C.50 + 100 M. FTR	590,056	
FCLASS 100 RIMFIRE- FTR	296,043	
FCLASS 100 RIMFIRE OPEN	299,047	
FCLASS 200 METROS RIMFIRE- FTR	260	
FCLASS 200 METROS RIMFIRE-OPEN	270	
FCLASS 300 METROS FTR	298,031	
FCLASS 300 METROS OPEN	297,040	
FCLASS 600 FTR	292,30	
FCLASS 600 OPEN	291	
FCLASS 900 FTR	270	
FCLASS 900 OPEN	272	
FCLASS 1000 FTR	264	
FCLASS 1000 OPEN	267	
FCLASS 500-600 YARDAS FTR	384	
FCLASS 500-600 YARDAS OPEN	386	
FCLASS 900-1000 YARDAS FTR	362	
FCLASS 900-1000 YARDAS FTR	365	
BR-50 VARMINT LIGERO	738,31	
BR-50 VARMINT PESADO	741,31	

#### 16.4. BAREMO 3: PUNTUACIÓNS ESTABLECIDAS PARA OBTEN AXUDA NOS CAMPIONATOS GALEGOS

MODALIDADE	SENIOR	VETERANO	VETERANO - S	VETERANO - M	JUNIOR
PISTOLA LIBRE	518	506	500	480	512
PISTOLA VELOCIDADE	532	520	514	508	526
PISTOLA DEP. DONAS	543	527	521	500	533
PISTOLA 30 + 30	----	----	----	----	533
PISTOLA AIRE SENIOR	560	546	540	530	546
PISTOLA AIRE DONAS	544	526	520	500	532
CARABINA TENDIDO SENIOR	587	575	569	563	579
CARABINA TENDIDO DONAS	580	570	564	----	574
CARABINA 3x20 DONAS	530	500			500
CARABINA 3x20 SENIOR	558	525	500		525
CARABINA AIRE SENIOR	600	588	582	576	594
CARABINA AIRE DONAS	591	581	575	569	585
PISTOLA STANDARD	540	528	522	500	534
P. FOGO CENTRAL	554	542	536	520	
PISTOLA 9 MM	554	542	536	520	
P. AIRE VELOCIDADE SENIOR	20	17	15	11	19
P. AIRE VELOCIDADE DONAS	16-	14	11	7	15
PISTOLA AIRE STANDARD SENIOR	350	333	327	310	339
PISTOLA AIRE STANDARD DONAS	310	298	292	280	304
KUCHENREUTER	93				
MARIETTE	92				
DONAL MALSON	75				
VETTERLI	93				
PIÑAL	171 (20)		89 (13)		
NUÑEZ DE CASTRO 3	175 (20)		92 (13)		

MARTIN CEREZO- POLVORA NITRO	169 (20)	85 (13)
F-CLASS RIMFIRE 50 M. OPEN		300,024
F-CLASS RIMFIRE 50 M. FTR		294,018
F-CLASS RMF C. 50 + 100 M. OPEN		298,080
F-CLASS RMF C.50 + 100 M. FTR		590,056
FCLASS 100 FTR		296,043
FCLASS 100 OPEN		299,047
FCLASS 200 METROS FTR		260
FCLASS 200 METROS OPEN		270
FCLASS 300 METROS FTR		298,031
FCLASS 300 METROS OPEN		297,040
FCLASS 600 FTR		292,30
FCLASS 600 OPEN		291
FCLASS 900 FTR		270
FCLASS 900 OPEN		272
FCLASS 1000 FTR		264
FCLASS 1000 OPEN		267
FCLASS 500-600 YARDAS FTR		384
FCLASS 500-600 YARDAS OPEN		386
FCLASS 900-1000 YARDAS FTR		362
FCLASS 900-1000 YARDAS FTR		365
BR-50 VARMINT LIGERO		738,31
BR-50 VARMINT PESADO		741,31

**16.5. BAREMO XP: PUNTUACIÓN DOS XÓVENES PROMESAS PARA FORMA EQUIPO GALEGO NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA**

Modalidade PISTOLA	“A” (Axuda 100%) A partires de:	“B” (Axuda do 50%). Dende:
Sub 23 Masculino	542	532
Sub 23 Femenino	538	528
Xuveniles Masculinos	540	530
Xuveniles Femeninos	538	528
Cadetes Masculinos	348	338
Cadetes Femeninos	348	338
Infantís Masculinos	340	330
Infantís Femeninos	340	330
Alevins Masculinos	200	195
Alevins Femeninos	200	195
Alevins Masculinos e Femeninos con Apoio	160	150
<b>Modalidade CARABINA</b>		
Sub 23 Masculino	602,00	592,00
Sub 23 Femenino	602,00	592,00
Xuveniles Masculinos	592,00	582,00
Xuveniles Femeninos	592,00	582,00
Cadetes Masculinos	395,00	385,00
Cadetes Femeninos	395,00	385,00
Infantís Masculinos	381,00	371,00
Infantís Femeninos	381,00	371,00
Alevins Masculinos	230,00	220,00
Alevins Femeninos	230,00	220,00